I.E.S. TERRA DE TURONIO

I.E.S. Plurilingüe
**TERRA DE TURONIO**
*Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.*
As Gaiandas s/n. 36380 Gondomar. | Tel: 886110203 | Fax: 886110206
ies.terraturonio.gondomar@edu.xunta.es

## Criterios sobre a avaliación e cualificación

## MATERIA: Educación Plástica Visual e Audiovisual

| | |
|---|---|
| **1ª Avaliación** | **Cálculo da nota da 1ª avaliación:**<br>**Nota media de todos os traballos** do período avaliable.<br><br>**Cada un deses proxectos cualifícase segundo o seguinte baremo:** técnica (20%), creatividade (20%), esforzo na realización dos exercicios (20%), limpeza do traballo e puntualidade na presentación (20%), interese polos contidos propostos (10%) e actitude na aula (10%).<br><br>**Outros criterios:**<br>- Os traballos sen identificar ou sen entregar: 0<br>- En caso de non ter acadado os requisitos mínimos (ter un resultado menor que 5 de media), o alumnado ten a oportunidade de completar os exercicios e facer unha nova entrega, calculándose a cualificación final como media das dúas cualificacións obtidas. |
| | **Procedemento de recuperación da 1ª avaliación:**<br>A avaliación considerase recuperada coa entrega dos proxectos non rematados, non entregados ou os que non cumprisen os requisitos mínimos de execución. |
| **2ª Avaliación** | **Cálculo da nota da 2ª avaliación:** Igual que na anterior avaliación.<br><br>En caso de non ter aprobada a 1ª avaliación, á nota media da 2ª avaliación engádense as notas dos traballos por recuperar (que será de 0 en caso dos non entregados). |
| | **Procedemento de recuperación da 2ª avaliación:**<br>A avaliación considerase recuperada coa entrega dos proxectos da 2ª (e/ou 1ª) avaliación non rematados, non entregados ou que non cumpriron os requisitos mínimos para aprobar. |
| **3º Avaliación** | **Cálculo da nota da 3º avaliación:** Igual que nas anteriores avaliacións.<br><br>En caso de non ter aprobada a 1ª e/ou 2ª avaliacións, á nota media da 3ª avaliación engádense as notas dos traballos por recuperar (que será de 0 en caso dos non entregados). |

| | |
|---|---|
| | **Procedemento de recuperación da 3º avaliación:**<br>A avaliación considerase recuperada coa entrega dos proxectos da 3ª (e/ou 1ª e 2ª) avaliación non rematados, non entregados ou os que non cumprisen os requisitos mínimos de execución. |
| **Cualificación final** | **Cálculo para obter a cualificación final de curso:**<br><br>Nota media (incluíndo decimais) das 3 avaliacións do curso.<br><br>- No caso de obter unha cualificación **superior ao 5** o alumnado optará a subir nota coas actividades da 4ª avaliación ata un punto.<br>- No caso de que a media sexa **inferior ao 5** o alumnado optará a recuperar a materia coas actividades de reforzo e a presentación dos traballos pendentes do curso. |
| **Alumnado de materia pendente** | **Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente:**<br><br>**1.** ***Alumnado de 2º de ESO coa materia pendente de 1º ESO***:<br>a. Carpeta de traballos prácticos. Entrega por trimestre.<br>b. Exame no mes de maio con contidos teórico-prácticos: No caso de non ter entregados os traballos por curso, o alumnado terá que facer un exame.<br><br>Aplicaranse os criterios de avaliación mencionados anteriormente:<br>**a nota final será a media de todos os traballos** do período avaliable.<br><br>**Cada un deses proxectos cualifícase segundo o seguinte baremo:** técnica (20%), creatividade (20%), esforzo na realización dos exercicios (20%), limpeza do traballo e puntualidade na presentación (20%), interese polos contidos propostos (10%) e seguimento da materia ao longo do curso (10%).<br><br>***2. Alumnado de 3º de ESO coa materia pendente de 1º ESO*****:** O alumnado que supere de forma adecuada os contidos de 3º, considérase que ten o nivel necesario para aprobar a materia de 1º.<br><br>**3.** ***Alumnado de 4º de ESO coa materia pendente de 3º ESO*****:**<br>a. Carpeta de traballos prácticos. Entrega por trimestre.<br>b. Exame no mes de maio con contidos teórico-prácticos: No caso de non ter entregados os traballos por curso, o alumnado terá que facer un exame.<br>Aplicaranse os criterios de avaliación mencionados no epígrafe anterior. |
| | **Procedementos e instrumentos de avaliación:**<br><br>Corrección dos traballos mediante a observación directa e aplicación dos seguintes baremos:<br>- Valorarase positiva ou negativamente, por observación directa a creatividade, a destreza e a técnica empregadas na execución dos proxectos.<br>- Valorarase positivamente a participación voluntaria nas distintas actividades.<br>- Valorarase positivamente a correcta presentación dos traballos e a puntualidade nas datas de entrega.<br>- Terá valoración negativa a falta de interese pola materia. |

I.E.S. TERRA DE TURONIO

I.E.S. Plurilingüe
TERRA DE TURONIO
Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
As Gaiandas s/n. 36380 Gondomar. | Tel: 886110203 | Fax: 886110206
ies.terraturonio.gondomar@edu.xunta.es

## Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final na ESO

**(apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)**

**MATERIA: Educación Plástica Visual e Audiovisual**

| | |
|---|---|
| **Metodoloxía** | A metodoloxía da materia nesta avaliación continuará a ser a mesma que nos períodos interiores:<br>• Individualizada. Particularizando para cada individuo, recoñecendo as diferencias iniciais e o distinto modo de asimilación de cada persoa.<br>• Variada, para evitala monotonía, e aplicada aos niveis distintos de aprendizaxe.<br>• Aberta, favorecendo resultados distintos para cada tipo de persoa, podendo producir respostas múltiples.<br>• Motivadoras, que estimulen o interese do alumnado pola materia.<br>• Diversa, aplicables para distintos tipos de alumnxs que alcancen distintos niveis de aprendizaxe e que, polo tanto, poidan presentarse con distinto grao de dificultade.<br>• Significativa, que para o alumnado supoña unha nova aprendizaxe. |
| **Actividades tipo** | - Traballos **individuais de reforzo** dos contidos básicos do currículo para o alumnado coa materia non superada nas anteriores avaliacións.<br>- **Proxectos individuais de enriquecemento**, ampliando contidos, a partir das propostas persoais do alumnado, nas que poda traballar de forma libre, actuando a profesora como guía nos procesos técnicos.<br>- **Proxectos en grupo** a partir de propostas do alumnado e do profesorado que deriven en actuacións nos espazos comúns do centro: murais, sinaléctica, mellora de espazos, etc. |
| **Materiais e recursos** | - Materiais propios das diferentes técnicas gráfico-plásticas: papeis, tesoiras e pegamento, lapis de cor, rotuladores, témperas, acuarelas e acrílicos, plumillas e tintas, instrumentos de debuxo xeométrico, gubias , burís e outros materiais das técnicas de estampación, tórculo, pinceis, etc.<br>- Materiais de refugallo: revistas, libros, cartóns, plásticos.<br>- Computadoras, tabletas e teléfonos móbeis, así coma programas de edición audiovisuais e de deseño gráfico.<br>- Libros específicos da materia (biblioteca do centro e da aula).<br>- Recursos bibliográficos en formato dixital e material audiovisual: películas, documentais, podcast e titoriais. |